

## Galicia: aires de continuidade

M<sup>a</sup> Jesús Fernández

Poucos cambios observamos no panorama xeral destes últimos meses na literatura infantil-xuvenil de Galicia e en galego. Mantense un volume de edición similar ao de anos anteriores, no que se pode atopar oferta de lecturas dirixidas a todos os tramos de idade, con especial incidencia nas coleccións destinadas a prelectores e primeiros lectores; segue sendo notoriamente predominante o xénero narrativo xunto a escasas, pero interesantes, mostras de poesía. Realismo e fantasía alternan nos temas tratados, e a tradición continua sendo fonte de inspiración para un bo número de escritores. A maioría dos títulos publicados ultimamente son obra de autores y autoras coñecidos, pero tamén apareceron libros de escritores noveles. Por outra banda, a calidade e o coidado das edicións segue estando a moi bo nivel, excepcional no caso dalgúns coleccións, e tamén é notable o traballo que viñen realizando os ilustradores galegos. Tentaremos facer unha rápida e necesariamente superficial descripción deste panorama.

### Más de 14 anos: realismo, aventuras e poesía

Dentro do grupo de libros destinados ós mozos e mozas atopamos o que foi galardoado co Premio Lazarillo de literatura xuvenil 2005. O seu título é *A sombra descalza* (col. Fóra de Xogo, Xerais) e foi escrito por An Alfaia. Esta autora caracterízase pola creación de personaxes cun complexo mundo interior que condiciona o seu comportamento e as súas relacións. Nesta

**Cando caen as follas**

Antonio García Teijeiro

ocasión, a novela presenta unha historia familiar que se desenvolve nun ambiente agonizante, dominado polas ideas intransixentes do avó-patriarca, polas débedas non saldadas co pasado e a obriga de amosar cara o exterior unha imaxe acorde cos principios que se consideran inquebrantables. Un ambiente coa sombra da guerra civil como telón de fondo.


Tamén é, en parte, unha historia familiar a que conta Agustín Fernández Paz na súa nova novela *Corredores de sombra* (col. Fóra de Xogo, Xerais). Neila, a protagonista relata os acontecementos dun verán da súa pasada adolescencia que determinaron o curso posterior da

súa vida. Iníciase a trama co descubrimento fortuito dun cadáver anónimo que leva máis de cincuenta anos emparedado, e o autor por boca da súa protagonista vai presentando dúas liñas argumentais interrelacionadas, por un lado a toma de posición crítica da rapaza cara a súa familia, que a leva a transgredir as normas buscando amizades e ambientes que os pais desaproban, e, por outro lado, a verdade descoñecida que se vai desvelando no intento de descubrir a identidade do morto e que bota luz sobre unha tráxica historia do pasado que implica á familia. Tamén neste caso coa guerra civil como referente.

Moi arriscado e interesante,


así mesmo, é o libro de Marilar Aleixandre, *Rúa Carbón* (col. Fóra de Xogo, Xerais) que, a través da súa protagonista, sitúa os conflictos da adolescencia, como son a conquista da personalidade ou a formación dun criterio propio, no convulso marco da actual sociedade vasca.

Para este grupo de lectores vai dirixido o libro *Piratas polo Miño* (col. Catavento, Tambre), do poeta e narrador Xosé Miranda. É un coidado poemario de estilo clásico e fermosa factura, co mar e os piratas como tema central de tódalas composicións, no que o autor rende homenaxe a grandes escritores que tamén trattaron estes temas e no que se fai un canto ao desexo de aventuras como





MIGUEL PORTO, CRISÓSTOMO O ALIFÁFARO, GALAXIA, 2006.



parte fundamental do crecemento emocional da mocidade.

Outro fermoso poemario, neste caso unha antoloxía, é o preparado por Fran Alonso e que tamén ten os mozos como destinatarios. *Poetízate* (col. Fóra de Xogo, Xerais), selecciona obra de oitenta poetas galegos, ordenados cronoloxicamente, dende o século XIX ata a máis próxima actualidade. Segundo palabras do propio autor, o criterio de selección ten sido, ademais da calidade recoñecida, o de presentar poemas que traten temas cos que os mozos poidan sentirse concernidos e que utilicen unha lingua que non lles resulte allea.

Elementos líricos e tamén narrativos conflúen no conto-poema de Alfonso Pexegueiro *O lago das garzas azuis* (col. Fóra de Xogo, Xerais), que constitúe todo el unha fábula metafórica para denunciar a situación de explotación e fame na que viven os nenos en moitas zonas de África. O libro conta cunhas magníficas ilustracións de Xosé Freixanes.

Prosa sobria e unha esmerada linguaxe, moi eficaz e fermosa, son elementos utilizados por Xavier López Rodríguez para tratar un tema duro e, ao mesmo tempo, emotivo. *O aliado inesperado* (col. Serie Vermella, Alfaguara-Obradoiro), retrata a través do seu personaxe, un ancián que quedou so, único habitante da súa pequena e fantasmal aldea, a desaparición dunha forma de vi-

da que xa no ten cabida nos tempos presentes. O aliado inesperado ó que se refire o título é un lobo ferido, tamén el vello e anacrónico, co que o ancián establece unha insólita alianza.

A aventura está servida na novela *O paxaro do mel* (col. Fóra de Xogo, Xerais). Escrita por Adolfo Caamaño, sitúa a súa acción a finais do século XIX, na Abisinia ocupada polos italianos. Tres rapaces, dous irmáns da tribo dos danákil e o seu amigo italiano, deberán afrontar situacións de gran perigo e poñer a proba o seu valor para tentar liberar a nai e a outros amigos da tribo que foron secuestrados para vendelos como escravos.

#### Entre os 14 y los 10 anos: tradición e innovación.

Para os lectores deste grupo tamén houbo unha saliente e interesante produción. Un novo autor, Marcos S. Calveiro, escribe *Sari, soñador de mares* (col. Catavento, Tambre), fermoso libro que harmoniza dúas tradicións literarias, ámbalas dúas cun forte compoñente de oralidade. En breves capítulos, que poden ser considerados relatos individuais, cóntase a aprendizaxe de Sari que deixa atrás a súa indolente infancia gracias as ensinanzas do seu mestre e conselleiro que non é outro senón o célebre Simbad o Mariño.

Tamén hai poesía para este grupo de idade. Antonio García Teijeiro, como xa nos ten afeitos, ten buscado unha temática común que organice e dea unidade ao seu poemario. Nesta ocasión o obxecto poético que lle serve como símbolo e metáfora son as follas das árbores. O libro titúllase *Cando caen as follas* (col. Punto de Encontro, Everest-Galicia), e confórmano poemas de ritmo ágil e notoria musicalidade, que xogan coa lingua empregando variedade de recurso fonéticos e morfosintácticos e que, como tamén é frecuente neste autor, fai homenaxe e glosa doutros poetas. Os poemas de García Teijeiro atopan un atractivo complemento nas ilustracións de outro artista, Xosé Cobas.

Daniel Ameixeiro para o seu libro *Vila Cerdeira* (col. Punto de Encontro, Everest-Galicia) semella ter buscado inspiración no inconfundible estilo dun dos grandes do xénero como é Juan Farias. Trátase dunha historia coral que retrata a vida dunha vila nun ambiente próximo ó realismo máxico que mestura vida cotiá con fantasía, na que contan tanto as vidas presentes como os soños, as sombras do pasado e as historias lendarias. E tamén neste libro as imaxes son obra de Xosé Cobas.

A tradición oral popular inspira unha vez máis a Antonio Reigosa na composición do seu libro *A noite dos pesadelos* (col.

Ala Delta, Tambre). As lembranzas que veñen á mente dun neno no transcurso dunha noite na que non pode dormir, son o fio conductor que permite enfiar unha serie de relatos, perfectamente independentes uns dos outros, nos que se van actualizando crenzas supersticiosas e historias da tradición relacionadas co medo.

*Tonecho de Rebordechao* (col. Árbore, Galaxia) libro polo que o seu autor, Breogán Riveiro obtivo o Premio Raíña Lupa concedido pola Deputación de A Coruña na súa V edición, é un divertido e emocionante relato que conta cunha deliciosa voz infantil que narra en primeira persoa. Tonecho, o protagonista e narrador, é un neno «urbanita» que foi transplantado ó corazón da Galicia profunda, a unha aldea perdida nas montañas, onde vive cos seus avós e uns poucos veciños, todos anciáns. As couñas que Tonecho conta, o retrato que fai dos seus avós e dos veciños, o mundo ignorado que descobre na aldea e que el recrea no seu afán de aventura e de novas experiencias, conforman un relato moi ameno que ademais dignifica e dá protagonismo ás persoas maiores, sen edulcoramentos nin falsas tenruras.

Moi divertida, contada con gracia e humor, é a historia que quedou finalista no mencionado Premio Raíña Lupa. *Crisóstomo o alifáfar* (col. Árbore, Galaxia)



SUSO CUBEIRO, TRES VELLAS FÁBULAS NOVAS, EVEREST GALICIA, 2006.



ÓSCAR VILLÁN, FANTASMAS NO CORREDOR, XERAIS, 2005.

xia), escrita por Antonio Yáñez Casal, conta como os alifáfaros, pequenos seres míticos de ámbito doméstico, dedicados principalmente á educación dos nenos, chegaron a Compostela procedentes de Braga, a principios do século XI.

Outra historia familiar, tamén neste caso diferente das tradicionais polas circunstancias que presenta, é a que aparece no libro de Fina Casalderrey, *Isha, nacida do corazón* (col. Tucán, Rodeira). Todo o libro é unha conversa entre un pai e unha filla, máis ben un longo relato que xa foi contado unha e outra vez e que César, o pai, e Isha, a filla, empregan como talismán para estreitar os seus vínculos e escoitar malos pensamentos. E é que Isha é unha nena adoptada que procede da India. Tamén a India é o territorio que describe a pequena Uxía no libro *Usha* (col. Merlin, Xerais) escrito por María Raimóndez, cando fala da súa estancia en Devastana, unha vila do estado de Karnata. A nena rememora a súa vida cotiá nesta localidade durante o tempo que alí pasou acompañando a súa nai, membro dunha ONG que colabora en proxectos de cooperación e desenvolvemento.

Neste grupo de idade sitúase o

último Premio Merlin publicado, que lle foi concedido a Ramón Carredano Cobas polo seu libro *Unha branca de cobre para Martiño* (col. Merlin, Xerais). O recurso literario do máxico soño que transporta ó pasado, utilizase nesta ocasión para facer que un neno actual viva en primeira persoa, e durante vintecatro horas, como o membro máis novo a bordo da nave capitana na primeira expedición de Cristóbal Colón.

Na colección Meiga Moura da editorial Baía apareceron dous libros de dúas novas autoras, ambas optaron polo xénero de aventura. Conchi Regueiro no seu libro *O tesouro das ánimas* mestura tradición con modernidade e fai vivir os seus dous mozos protagonistas, un rapaz e unha rapaza, unha historia na que un complicado xeroglífico do século XVIII se resolve coa axuda dun xogo de ordenador de última xeración e na que os rufiáns da trama son delincuentes tan actuais como os que se dedican a enriquecerse mediante a especulación urbanística. Begoña Paz sitúa a súa aventura nun espacio máxico e intemporal, *Norocai*, título do libro é tamén o nome dun pequeno continente, último lugar habitado despois de que o

mar inundase toda a terra coñecida. Seres e lugares fantásticos, providenciais amigos e perigos que axean, son os compañeiros da princesa Caula na súa fantástica viaxe á que a levan a súa intrepidez e o desexo de atopar unha solución para salvar os seus irmáns e evitar a destrucción de Norocai.

## Entre os 10 e os 8 anos: humor e sensibilidade

Neste tramo podemos situar o novo libro de Agustín Fernández Paz *O raio veloz* (col. Camaleón, Planeta & Oxford) que retoma a fórmula do seu celebrado *Contos por palabras* e conta, con humor non exento de util crítica, as leas e as aventuras do seu protagonista cando, como un improvisado Papá Noel, decide responder a un anuncio no que se solicita persoal para una empresa de mensaxeiría. As ilustracións son de Andrés Meixide.


*Zoa e Azor* (col. Ala Delta, Tambre), de An Alfaya, fala dun neno que se sente diferente e por mor disto é obxecto das burlas dos seus iguais e da preocupación dos seus pais. Cando descobre que hai outras persoas que senten coma el para as que teñen

valor as cousas que a el lle interesan, este descubrimento dálle confianza en si mesmo.


O cómic ou banda deseñada está presente na produción destes últimos meses na colección BD Banda da editorial Kalandraka. Dous son os álbums debidos a autores galegos que xa con anterioridade foran coñecidos polo público a través das páxinas da desaparecida revista *Golfinho*. Nun deles atopamos unha selección das historietas sen palabras de *Tito Longueirón*, este humorístico personaxe, creación dos autores Pinto & Chinto, é un atleta que soe aplicar unha persoal e orixinal técnica, pouco acorde coas regras que rexen a práctica dos máis variados deportes. O outro álbum titúlase *Vilaverzas* e é obra de Miguel Robledo.

Unha fermosa edición para un fermoso texto é a do último traballo de Paula Carballeira, *Sma-ra* (7 Leguas. Kalandraka). Personal mostra de solidariedade da autora co pobo saharauí. Moi interesantes son, así mesmo, as ilustracións de Carole Hénaff.

Poético e cun ton de fábula é o libro de Ánxela Gracián, *Nun lugar chamado Labirinto* (col. Ala Delta, Tambre) no que a autora trata nada menos que o tema da



PABLO PRESTIFILIPPO, MANUAL DE CALCETÍNS SALVAXES, FAKTORÍA K DE LIBROS, 2005.



ELENA ODRIOZOLA, A PRINCESA QUE BOCEXABA A TODAS HORAS, OQO, 2005.

morte, da dor pola ausencia dos seres queridos que nos deixaron. E para tratar de dar resposta a esa dor, constrúe unha historia máxica na que unha nena viaxa traballosoamente a un lugar feito de memoria, ó que se accede despois de superar probas difíciles. Son destacadas as ilustracións, moi persoais, de Ramón Trigo.

Tamén Daniel Ameixeiro contou cun ilustrador de excepción como é Federico Fernández para a súa nova versión de *Bonifacio foi a palacio* (col. Ala Delta, Tambre), libro que retoma o clásico tema no que o narrador dunha historia pasa a ser, ó mesmo tempo, protagonista da mesma. Neste caso é un pai que le para a súa filla un libro de pazos, reis e princesas casadeiras.

O texto teatral, tan escasamente representado na produción literaria infantil-xuvenil, conta esta temporda co libro *Tres pezas teatrais* (col. Teatro para Nenos, Ediciós do Castro) no que se recollen as interesantes obras galardoadas co premio Estornela da Fundación Xosé Neira Vilas. Estas tres pequenas pezas son: «O ensaio», de Xosé Agrelo Hermo, divertida escenificación dun ensaio teatral levada a cabo por uns nenos; «O porco que perdera a cabeza», de

Ana María Galego Gen, humorística obra protagonizada por animais dunha granxa, e «Xoguetes», de Fran Peleteiro, que presenta unha crítica do consumismo e da utilización de xoguetes bélicos.

O xa mencionado Daniel Ameixeiro escribe para nenos e nenas algo más pequenos o delicioso relato *O capitán da baía* (col. Tucán, Rodeira) e tamén aquí atopamos elementos dos contos clásicos, os piratas, as bruxas, los tesouros agachados..., tratados con humor e desenfado. Boas ilustracións das que se ten encargado Sofía Balzola.

Ben coñecido é o interese de Fina Casalderrey polos anciáns e a súa especial relación cos nenos. Grazas a este interese existen na literatura infantil galega varios títulos moi notables protagonizados por persoas maiores, tratados coa dignidade e o cariño que se desprenden da sensibilidade desta autora. A este grupo de libros engádese agora un novo título, *¿Quen me quere adoptar?* (col. Merlín, Xerais), que ademais conta cunhas estupendas ilustracións de M. Fe Quesada, e no que se narran os intentos dun ancián por atopar unha familia coa que poder vivir

e a que el poida achegar a súa axuda e os seus variados coñecementos. Ademais de humor, tamén hai crítica e un retrato pouco favorecedor de certos comportamentos de nenos e adultos.

*Fantasmas no corredor* (col. Merlín, Xerais), nova versión de Agustín Fernández Paz ilustrada por Óscar Villán, volve sobre o tema dos medos infantís, os fantasmas creados pola imaxinación que poden chegar a ser un grave problema.

*Adiviñas monstruosas* (col. Tucán, Rodeira), é o último traballo en galego de Gloria Sánchez, trátase dun conxunto de poemas que presentan un repertorio variado de seres clásicos do imaxinario de terror. Os «malos» da literatura clásica e da popular, do cine, dos contos que corren de boca en boca..., todos están aquí representados co humor e o desenfado. A ilustración correu a cargo de Purificación Hernández.



Cunha mestura de narración e poesía constrúe Ana M. Fernández o seu libro *Traballo de mago* (col. Camaleón, Planeta & Oxford) ilustrado por Xosé Cobas. E nel cóntasenos cómo unha nena consegue convencer a un vello mago xa retirado para que

volva a empregar os seus coñecementos máxicos e os utilice para evitar que os adultos do lugar se enfrenten entre eles violentamente.

En *Dende o cole* (col. Montaña Encantada, Everest-Galicia), Alberto Urcaray retoma personaxe, un neno moi pequeno que nos transmite a súa virxinal visión do mundo. Nesta ocasión fálanos de cómo se confronta ós primeiros días no colexió.

A escritora Isabel Freire tamén retoma personaxe e volve a presentarnos en acción a Glub, un peixiño de acuario que xa ten protagonizado aventuras anteriores. En *Glub, o increíble peixe-bala* (col. Merlín, Xerais) asistimos á chegada dun novo membro do grupo, una «peixiña» que esperta en Glub as características más audaces da súa personalidade. O sempre notable Xan López Domínguez foi o encargado das ilustracións.

E tamén é Xan López Domínguez o ilustrador do fermoso libro de Pepe Cáccamo *O segredo do pan* (Algapuara-Obradoiro), deliciosa historia que nos conta a viaxe da panadeira Fermina Fariña ó fondo do seu forno para chegar ós marabillosos Mundos do Pan, onde tentará descubrir o segredo que fai tan extraordinaria-



ENJAMIO, CARLOTA E A GAIOTA PATAMARELA, XERAIS, 2005.

rio o sabor das súas afamadas creacións. A fantasia do relato e, sobre todo, a rica linguaxe poética empregada polo autor, con técnicas e recursos expresivos ó alcance dos pequenos lectores, fan deste libro unha estimulante e moi recomendable lectura.

O veterano poeta e narrador Bernardino Graña utiliza a forma versificada para recrear actualizánndoas tres fábulas da tradición oral-popular no libro que se titula precisamente *Tres vellas fábulas novas* (col. Montaña Encantada, Everest-Galicia) e que foi ilustrado por Suso Cubeiro.

Segundo unha liña narrativa xa iniciada en traballos anteriores, Concha Blanco introduce-nos no universo infantil a través da voz da súa protagonista. En *Tita* (col. Montaña Encantada, Everest-Galicia), a pequena Fina fálanos do seu mundo familiar e dos seus amigos, en especial de Tita, a vella señora que a coida e que leva vivindo na casa dende moitos anos atrás. As expresivas imaxes son de Noemí López.

E tamén é unha vella señora entrañable e estrafalaria, a protagonista principal de *Noite de Reis en Kalpankalá* (col. Montaña Encantada, Everest-Galicia). Con texto de Xosé A. Perozo e ilustracións de M<sup>a</sup> Fe Quesada,

cóntasenos o estralo roubo que sofren Papa Noel e os Reis Magos, e la agradable sorpresa que aquel Nadal reciben os nenos do barrio máis pobre e marxinal da cidade.

A parella formada polos escritores e ilustradores Pinto & Chinto é autora de *Historia de Román o bombeiro* (co. Montaña Encantada, Everest-Galicia), divertido conto protagonizado por Román, un bombeiro vocacional que a pesar das súas boas intencións non para de cometer errores e ocasionar problemas.

#### **Prelectores e primeiros lectores: variedade e interesantes propostas visuais**

Para prelectores e primeiros lectores, a oferta continúa sendo abundante e variada. A editorial A Nosa Terra segue sacando novos títulos das veteranas coleccións protagonizadas por *Os Bolechas*, os exitosos personaxes creados por Pepe Carreiro, e a elles engádense outras novas como son a protagonizada por *Antón e Pompón*, con textos de Mon Daporta Padín e ilustracións de Anxo Fariña na que cada libro pretende achegar os


pequeños a un determinado concepto, como por exemplo as distintas formas das cousas ou as variadas sensacións que se poden experimentar. Do mesmo Mon Daporta, e cun formato alongado similar o anterior, é a colección *Un conto de...*, pequenas historias acumulativas que introducen ludicamente o concepto de número. Libros de pequeno formato compoñen a colección Animaliños-Cousas-Nenos, na que se presentan breves historias, tres en cada libro, protagonizadas por seres do entorno infantil, nun ton fundamentalmente humorístico; os textos son de Manolo Rico e Isabel Horro González e as ilustracións de Mon Daporta.

O veterano Manuel Uhía ilustra co seu persoal estilo o texto de Xabier López, *A vella quenlla perde os dentes* (col. Tren Azul, Rodeira), historia do fondo do mar protagonizada por quenllas, robalizas, sardiñas e polbos.

Pinto & Chinto crean unha saga familiar de fantasmas no seu libro *O pequeno da familia fantasma* (col. Bolboreta, Sotelo Blanco) e con gracia e humor informánnos dos usos e costumes cotiáns deses seres tan presentes no imaxinario infantil.

Na colección Xiz de Cor de Baía edicións apareceron tres novos álbumes: *Adiós ríos, adiós fontes*, é unha selección de versos de Rosalía de Castro preparada para os pequenos lectores, na que os textos clásicos se acompañan de modernas propostas gráficas a partir das ilustracións de Rodrigo Chao; en *O conto dos silencios*, tamén ilustrado por Rodrigo Chao, a escritora Silvia Pazos Hermida conta unha moderna fábula para explicar cómo xurdio na música o concepto do silencio; Eduardo Baamonde escribe e ilustra o álbum *Tanta Miga e a súa barriga*, no que a nena protagonista, despois de comer moitos doces nunha festa de aniversario, atópase co problema de que non pode saír do cuarto porque a súa barriga non cabe pola porta.

Arriscada e interesante é a proposta da colección Árbore de Galaxia para estas idades. Catro novos pequenos álbumes saíron nos últimos meses. Dous deles, obra de Elisa Gallego Picard, *Con-zancos e as ondas do mar y Encarna e o vento*, son fundamentalmente propostas visuais, con brevísimos textos e ilustracións minimalistas, nos que os lectores deben participar na construcción da sinxela historia.



ALBERTO URCARAY, DENDE O COLE, EVEREST GALICIA, 2006.

Na primeira, é unha ave mariña que se achega á beira do mar para coñecer as ondas; na la segunda, o vento xoga caprichosamente coas plumas da gaivota Encarna. O coñecido ilustrador Andrés Meixide pon imaxes ó texto de Oli, *Conto para non comer*, libro incluído na lista dos White Ravens 2006, historia acumulativa na que distintos personaxes vanse turnando para conseguir que o neno Antón coma a súa cea. E, finalmente, o estupendo libro *De cores e de amores*, obra de Xabier P. Do campo e de Xosé Cobas, no que o sentimento amoroso, que supera a individualidade, se presenta como forza vital xeradora, e fai no de maneira poética e simbólica a partir das cores que protagonizan as páxinas do libro.

Na colección Merliño de Xerais para os pequenos lectores, os novos títulos da presente temporda son: *A aspironeta*, escrito e ilustrado por Marta Álvarez, que conta cómo unha vella aspiradora, que xa foi desbotada polos seus donos, se transforma nun revolucionario aparello voador. Tamén Jacobo Fernández pon texto e imaxes, moi persoais ambos por certo, ó libro *A gardería de dona Bixelmina*, historia rimada e bastante surrealista,



que conta cómo un neno se enfrenta e vence ós perigosos virus que enferman os escolares que van por primeira vez á gardería. Nesta mesma colección dous autores repiten personaxe, Miro Villar volve sobre a súa marmota creada en colaboración con Enxamio, *Carlota e a gaivota patiamarela*, retoma a forma versificada dos libros anteriores, para contarnos o encontro destes dous personaxes, marmota e gaivota. O outro personaxe que reaparece é o coello Federico do que é autor Xosé Miranda, e faino co novo título *Federico na silveira*, para descubrirnos a súa intelixencia e sagacidade, dúas calidades que o axudan a saír ben parado dun perigoso encontro co famento raposo; tamén nesta ocasión as ilustracións que complementan o texto versificado son obra de Roberto Yepes. Unha edición especial é coa la que ten contado o libro que reúne, unha vez máis, os autores Agustín Fernández Paz e Fran Jaraba, *Que medo mamá Raquel* (Xerais). Fernández Paz volve sobre o tema dos medos infantís e, coa axuda do ilustrador, amosa cómo a escuridade e a imaxinación poden unirse para xerar monstruos.

Excelente calidade na edición, xunto con notables propostas de

ilustración, caracterizan os albores que OQO Editora inclúe na súa colección *Contos a Pedir de Boca*, dirixidos a nenos e nenas entre 3 e 7 anos. A maioría dos textos presentados son adaptacións de contos populares procedentes de diversas culturas e os distintos artistas ilustradores ofrecen un abano de estilos e sensibilidades que contribúe á educación visual e artística dos receptores, ademais de facer destes libros pequenas obras de arte. Da colaboración entre a escritora Marisa Núñez e a ilustradora Helga Bansch son producto dous destes albores: *Chocolata e Co-corico*. Tamén Patacrúa repite autoría de textos que se complementa con interesantes propostas gráficas, como é o caso de *A princesa do Caurel*, historia clásica de tipo acumulativo na que as ilustracións de Javier Solchaga, feitas con obxectos construídos de materiais de reciclaxe, constitúen unha proposta lúdica; *Loboferoz*, con imaxes de Chené é un conto popular ruso no que, unha vez máis, o lobo representa a forza carente de intelixencia; *Verlioka* é adaptación dun conto ruso con debuxos de Magicomora e, tamén ilustrado por este mesmo artista; e *O segredo do rei Curro*, conta unha historia

baseada no mito do rei Midas. Finalmente, Patacrúa colabora coa ilustradora Alessandra Ciminatoribus no álbum *Bebé Bigotes*, adaptación dun conto procedente de Mongolia no que se contan os inútiles esforzos dunha parella de anciáns que soñan con ter un bebé e cómo solucionan o seu problema. Paco Liván pon o texto e Roger Olmos as ilustracións no álbum *A cousa que más doe no mundo*, divertida historia procedente da tradición oral de Costa de Marfil na que se narra cómo a hiena, despois dunha apostila realizada coa lebre, aprende en carne propia que a mentira é más dolorosa que calquera outra ferida que se poida recibir. *Sal e azucré* é un albo da autoría de Iván Prieto quen, a partir dun conto tradicional grego e utilizando unhas arriscadas ilustracións, amósanos cómo o sal e o azucré aprenden a convivir en paz e harmonía. Especialmente atractivo é o albo titulado *A princesa que bocejava a todas horas*, tradución ó galego dun texto de Carmen Gil e no que os debuxos de Elena Odriozola mereceron o 2º Premio do Ministerio de Cultura 2006, ás mellores ilustracións.

As coleccións da Editorial Kalandraka seguen sendo un re-



MONTSE ESPAÑOL, ZOA E AZOR, TAMBÉ, 2006.

ferente de calidade e ben facer no que se refire á edición de álbunes ilustrados, tanto nos novos títulos da temporaña como na recuperación de clásicos internacionais. Dentro destes clásicos, a colección Demademora presenta *Un globo vermello y A mazá e a bolboreta*, dous célebres obras da italiana Iela Mari, historias de procesos sen palabras, cos que esta autora inauguro un estilo abstracto a partir de imaxes de gran simplicidade cromática e cheas de dinamismo, que convidan o lector a participar no proceso de transformación que se desenvolve ante os seus ollos. Outro álbum excepcional aparecido na colección Tras os Montes é *O libro dos porcos*, obra do prestixioso autor inglés Anthony Browne, que nos permite gozar do estilo inconfundible deste artista, creador dunha rica linguaxe plástica chea de referencias culturais e artísticas que buscan a complicidade do lector e o introducen nun mundo onírico con referencias surrealistas. Moi interesante é tamén o álbum aparecido na colección Maremar titulado *Aquiles o puntiño*, con texto de Guia Risari e ilustracións de Marc Taeger a base de collage, este artista que recibiu o Premio

Daniel Gil de Deseño Editorial no ano 2005, desenvolve gráficamente a historia de Aquiles, o puntiño que en contacto con todo o que o rodea, vai medrando e completándose ata adquirir unha constitución antropomórfica, mediante formas abstractas de brillantes cores. Unha novedade en Kalandraka é a aparición dunha colección de ópera para nenos en colaboración coa editorial catalana Hipótesi. Os dous libros aparecidos son *A frauta máxica*, de Mozart e *Aida* de Verdi. Ademais das adaptacións do correspondente libreto, cada libro contén un CD con fragmentos das obras musicais. Finalmente, e tamén cun tema musical, outra novedade aparecida en Maremar é o álbum *A banda de Vilacendoi*, con texto e ilustracións de Xulio Gayoso, que conta a historia dunha agrupación musical que existiu nunha aldea lucense e que forma parte das lembranzas da nenez do autor.

Factoría K de Libros tamén ten posto no mercado fermosos álbunes ilustrados, todos eles traduccións. Citaremos o libro de pequeno formato *Manual de calcetíns salvaxes*, escrito e debuxado por Pablo Prestifilippo, divertida «guía» para coñecer e saber relacionarse con estes se-

res especiais que viven tan preto de nós. *Cans de ribeira*, obra de Katja Gehrman, conta os avatares de Manchas, un canciño que é abandonado polos seus irresponsables donos cando chega o verán e estes deciden prescindir del para marchar de vacacións; Daniela Kulot é autora e ilustradora do álbum *Co dedo no nariz*, historia protagonizada por un elefantiño, unha ratiña y unha pequena ra que viven situacións coas que calquera neno pequeno pode sentirse identificado. Finalmente, Didier Lèvy e Anna Laura Cantone unen os seus respectivos talentos de autor e ilustradora no álbum *O traxe de luces*, divertida parodia do toureo que tamén inclúe unha crítica a prácticas que supoñen o sufrimento innecesario dos animais.

## Algunhas traduccións de notable interese

Para rematar esta panorámica, faremos referencia a algunhas destacadas traduccións que apareceron ultimamente, ademais das xa mencionadas. Edicións Xerais de Galicia publicou en galego dentro da colección Fóra de Xogo os dous primeiros to-

mos dunha trilogía do autor irlandés Herbie Brennan titulados *O portal dos elfos* e *O Emperador Púrpura*, libros de gran éxito internacional que narran aventuras épicas desenvolvidas nun mundo fantástico e cuxo maior atractivo e novedade está no tratamento dos personaxes. Un libro emocionante e moi fermoso é o publicado pola editorial OQO na súa colección FOQO, *Cobertor de estrelas*, con texto de Ricardo Lísias e ilustracións de Itziar Ezquieta, achéganos a unha dura realidade a través da voz inocente do seu protagonista, un meniño da rúa que conta cunha sobrecolledora naturalidade o día a día da súa difícil existencia. Excelente libro, moi recomendable para todas as idades, é o álbum titulado *Bestiario* (Faktoria K de Libros), de Stephane Poulin, no que texto e ilustracións xogan a establecer analogías inusuales, que requieren a complicitade do lector, a súa capacidade de observar, de relacionar, de ironizar, nunha unidade de significado que permite diversas interpretacións, moi abertas, segundo a idade a madurez dos receptores, e que, en todo caso, supoñen unha atractiva e intelixente proposta «literario-visual». ■